

## 2. DICIONARIOS DOUTRAS LINGUAS

### a. PORTUGUÉS:

Dicionário Universal da Língua Portuguesa –

<http://www.priberam.pt/dlpo>

Tratase dun dos produtos desenvolto pola empresa Priberam. De feito alóxase na súa páxina este dicionario da lingua portuguesa, que ofrece simultaneamente un conxugador de verbos e de gramática. Ten integrado tamén un corrector ortográfico.

## **b. CASTELÁN:**

### **Diccionario da Real Academia Española (RAE)-**

[www.rae.es](http://www.rae.es)

Os hispanofalantes que accedan a esta páxina electrónica poderán dispor do documento que contén o texto da última edición en papel -neste caso, a vixésima segunda, de 2001- e, ao mesmo tempo, o conxunto de modificacións aprobadas. Por isto, entre os varios modelos posibles de organización elixiuse o que mantén con toda claridade a separación entre os dous documentos. Os consultantes acceden inicialmente á vixésima segunda edición e, nos casos en que se engada un novo rexistro ou se tivera modificado un artigo, verán na pantalla un aviso que lles permitirá contemplar a nova versión.

### **Diccionario Salamanca de la Lengua Española**

<http://fenix.cnice.mec.es/diccionario/>

Diccionario de español pensado especificamente para estudantes e profesores de español así coma estudantes estranxeiros. As características máis relevantes: ten máis de 85.000 definicións, máis de 10.000 locucións, exemplos, sinónimos, americanismos, información gramatical... e un apéndice con tódolos verbos irregulares.

### ***Clave, Diccionario de uso del español actual***

<http://clave.librosvivos.net/>

Permite buscas de palabras completas pero tamén de partes de palabra (empeza por, remata en...). Ademais do significado, dá a etimoloxía do termo e indica os diferentes usos nos que se pode atopar.

### c. CATALÁN:

*Diccionari de la llengua catalana (IEC)*

<http://pdl.iec.es/entrada/diec.asp/>

<http://dlc.iec.cat/>

Este diccionario é o do Instituto de Estudos Cataláns, que ten a autoridade lingüística da lingua catalá. É este, polo tanto, un dos dicionarios de referencia do catalán. Ofrece a posibilidade de facer buscas

**Internostrum:**

<http://www.internostrum.com/>:

Nesta páxina pódense traducir textos de castelán a catalán e viceversa.

#### **d. INGLÉS:**

##### **The Free Dictionary -**

<http://www.thefreedictionary.com>

Diccionario / Tesouro que permite escoitar as palabras que busquemos. Ademais, ofrece acceso a diferentes dicionarios especializados: informática, médico, legal, financeiro, acrónimos e expresións idiomáticas. Tamén permite consulta-la Columbia Encyclopedia ou a enciclopedia Wikipedia.

##### **Cambridge Dictionaries Online:**

<http://dictionary.cambridge.org/>

Ofrece categoría gramatical, definición e un exemplo de uso baseado no Cambridge International Corpus.

e. **FRANCÉS:**

<http://zeus.atilf.fr/tlf.htm>

***Le Trésor de la langue française informatisé*** (TLFi) é a versión informatizada do *Trésor de la langue française*, dicionario da lingua francesa, en soporte papel, dos séculos XIX et XX en dezaseis volumes máis un suplemento.

Este dicionario é o resultado da análise semántica do *Trésor de la langue française* e da súa descomposición en varios campos: definicións, exemplos, indicacións semánticas lexicais...

Para sacar partido da riqueza da base de datos extraída desta análise, o dicionario ofrece, non só a busca por entrada, senón tamén a posibilidade de efectuar buscas complexas.

<http://atilf.atilf.fr/academie9.htm>

O ***Dictionnaire de l'Académie Française***, que vai xa pola súa oitava edición, busca a preservación da lingua francesa literaria, tal como debería ser escrita e (falada).

Este é un dicionario normativo da lingua e, por iso, as palabras que nel aparecen teñen unha frecuencia suficiente de uso na *escrita*.

[http://www.lexilogos.com/francais\\_langue\\_dictionnaires.htm](http://www.lexilogos.com/francais_langue_dictionnaires.htm)

***Lexilogos*** é unha páxina proposta por Xavier Nègre que nos permite acceder a todos os dicionarios de lingua francesa en rede, xa sexan ortográficos, temáticos, etimolóxicos, de citas, etc. Tamén contén regras de ortografía, gramática... Incluso recompila accesos a dicionarios enciclopédicos e páxinas web sobre arte, manuscritos, fotografías e unha multitude de utilidades máis.

**f. DICCIONARIOS.COM:**

<http://www.diccionarios.com/>

Nesta páxina podemos atopar: a) un diccionario de castelán con definicións e conxugación verbal; b) un de sinónimos; c) varios diccionarios que permiten tradución de pares de linguas: castelán-galego, castelán-éuscaro; castelán-catalán; castelán- portugués, castelán-inglés; castelán-francés; castelán-alemán, castelán-italiano.